

PROTOCOLO DE ACCIDENTE EN CASO DE ACCIDENTE ESCOLAR CON ASISTENCIA SANITARIA

PROTOCOLO PARA O CENTRO

Alumnado de 1º ou 2º de ESO:

Estos alumnos e alumnas non están cubertos polo Seguro Escolar do centro.

- Comunicar o feito ao/ á profesor/a da materia, profesorado de garda, xefatura de estudos e na secretaría.
- O feito porase en coñecemento dos pais.
- No caso que fose preciso, avisarase aos servizos de urxencia 112.
- Un/unha profesor/a ou responsable do centro acompañará ao/ á alumno_/a ata o momento que cheguen os pais.
- Temos que cubrir o papel de rexistro de accidente e de informe para a familia que está na carpeta da sala de profesores.
- Alumnado con prestación da Seguridade Social, recibirá asistencia sanitaria no PAC de Chantada ou Hospital Comarcal de Monforte de Lemos.
- Alumnado con seguro privado, recibirá asistencia no centro que lle corresponda.
- A prestación será cuberta coa tarxeta sanitaria do/ a alumno/a.
- Alumnado con prestación da Seguridade Social, cando reciban no seu domicilio o Modelo de Prefacturación, deberano entregar na secretaría do IES Val do Asma para a súa posterior tramitación.

Alumnado de 3º ou 4º de ESO, 1º ou 2º de Bacharelato e Ciclos Formativos con alumnado menor de 28 anos:

- Comunicar o feito ao/ á profesor/a da materia, profesorado de garda, xefatura de estudos e na secretaría.
- O feito porase en coñecemento dos pais.
- No caso que fose preciso, avisarase aos servizos de urxencia 112.
- Un/unha profesor/a ou responsable do centro acompañará ao/ á alumno_/a ata o momento que cheguen os pais.
- Temos que cubrir o papel de rexistro de accidente e de informe para a familia que está na carpeta da sala de profesores.
- **Entregarase aos pais/ titores legais o impreso da solicitude de prestación do seguro escolar cuberto na parte que corresponde ao centro que se atopa nunha carpeta ao lado das carpetas de gardas , en conserxería, na secretaría e na web do centro.**
- Alumnado con prestación da Seguridade Social, recibirá asistencia sanitaria no PAC de Chantada ou Hospital Comarcal de Monforte de Lemos.
- Alumnado con seguro privado, recibirá asistencia no centro que lle corresponda.
- Unha vez recibida a asistencia sanitaria, deberán achegar á secretaría do IES Val do Asma o parte de asistencia médica.
- No caso de recibir no seu domicilio o Modelo de Prefacturación, deberano entregar na secretaría do IES Val do Asma para a súa posterior tramitación.
- Os que teñan máis de 28 anos van coa súa tarxeta sanitaria.